

Manuel Rodríguez López
Hortal 54
Barcelona-16

Barcelona 12-10-68
Sr. Dn. Celso Emilio Ferreiro
Caracas

Moi apreciado Celso Emilio:

Xa apareceu o meu libro galego que lle tiña anunciado. É o primeiro que publico. Está dividido en catro partes que representan diferentes épocas da miña vida. A derradeira coído que é a mellor. Folo menos, nela intento expresar as experiencias firentes e magadoras que me doen tanto ó coñecer as condicións en que vive o noso pobo. Condicións que non coñecía directamente pola circunstancia de que vivo en Barcelona desde os seis anos e facía 11 anos que non estivera na nosa terra. Desde o ano 63 vou a Galicia cada ano e cada vez volvo mais doído polo tristeiro vivir dos nosos vellos, arrolando netos, polo castro que fan nas vilas e por tanta inxusticia que fica contada na derradeira parte do libro.

Trasautante estiven con Batlló. Supoño que Vds. sabe que tivo un accidente de moto en Sevilla. Ten un brazo escaiolado e unha ferida na testa. Xa vai mellorando. Vin o seu libro, traducido por Alonso Montero, que tamén vintei en Lugo e onte pronunciou unha conferencia

P.S. Faléi con Batlló a possibilidade de publicar un libro en bilíngüe que recolla 7 ou 8 poemas meus deste libro e outros 10 ou 12 que teño, todos eles, na líña da derradeira parte de "Poemas populares galegos"; como vé Ude. tal possibilidade?

no Centro Gallego de Barcelona. Por certo que fixo a presentación Basilio. Tivo aplausos a many cleas. É un home esteiro, sano, culto e comprometido como il dixó. Falou encol de Rosalia, Curros, Castelao, Pondal, Celso Emilio e Neira Vilas, grandes poetas sociais (Pondal aparte). O lus torua pra Galicia.

O seu libro xa está en prensa. A censura mutilouno bastante. Sacou 3 poemas - un deles o do plan de desenvolvemento - e bastantes calificativos como por exemplo "aldraxado" "precaria" etc. e a alusión a Fucio Buxán.

Por certo que fai 3 semanas estiveiro no Centro, Benedicto, que cantou o seu poema Fucio Buxán, Moscoso e uns días antes Miro Casavella e Guillermo. Tiveron un éxito enorme.

Lim unha nota no "Correo Gallego" que decía que Vde. gañou os Xogos Forraes de Buenos Aires. Recibi a miña felicitación mais cordial. Eu mandei poemas meus; pero parece ter que puxen a dirección do Centro "Oficial". Eu colleira a dirección de Faro de Vigo. Sinto que non chegaran, quizaves, ó seu verdadeiro destino. Non porque me crea capaz de premios; pero si que me hubiera gustado que cando publicasen o libro saíra inda que soio fora un poema meu no verdadeiro lugar.

Mais nada. Dou fin a esta carta que xa é longa demais.

Reciba un saúdo cordial e unha forte aperta de

